

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE ENTRIMO PARA ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA DESTINADA AO MANTEMENTO E A CONSERVACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS LINEAIS E DA CONTORNA AGROFORESTAL PARA A PREVENCIÓN E A DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

Santiago de Compostela, data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, en virtude do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 94, do 16 de maio de 2022), e de acordo coa Resolución do 7 de marzo de 2023 pola que se avoca a competencia delegada do director xeral de Defensa do Monte para a sinatura deste convenio.

Doutra parte, a Deputación Provincial de Ourense, representada neste acto polo presidente, José Manuel Baltar Blanco, actuando no seu nome e representación en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL).

E doutra parte, o Concello de Entrimo, representado neste acto polo alcalde, Ramón Alonso López, actuando no seu nome e representación en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación, para a sinatura deste convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro. A Consellería do Medio Rural, conforme o disposto no Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27, apartado 10, que dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución española.

Segundo. As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril,





reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil, prevención e extinción de incendios e conservación de camiños e vías rurais.

En particular, en materia de incendios forestais, correspóndelles adoptar as medidas de prevención en terreos da súa titularidade, colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais, así como executar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións idóneas para evitar os incendios forestais.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto de casas illadas e de núcleos de poboación e das redes primarias de faixas de xestión de biomasa e de seguridade libres de matogueira -infraestruturas lineais de prevención e defensa. Así mesmo establece, respecto das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, que teñen un ámbito municipal e posúen función prioritaria de protección de núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Terceiro. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as medidas preventivas que facilitan a loita contra o lume e que sirvan así mesmo para a posta en valor da potencialidade produtiva, ecolóxica e social do monte galego como base do desenvolvemento sustentable do medio rural.

Así, no artigo 8 establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición.

Tamén no artigo 59 establece que "a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e a extinción de incendios, ben a través de medios propios ben por medio de mecanismos de apoio económico.

A Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para a sinatura de convenios de colaboración cos concellos para a redacción dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais nos termos establecidos no artigo 16 e para a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e na xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido, determinadas en análises da propiedade de conformidade co establecido no artigo 16.2, e co fin de que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas nela consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia".

Cuarto. Nos termos previstos no artigo 31 da LBRL correspóndelle á administración provincial asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal. Neste contexto, é competencia das deputacións provinciais a cooperación e o fomento do desenvolvemento





económico e social e a planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Quinto. O medio rural constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sostible dun país. A súa supervivencia esixe unha loita global contra os incendios forestais, que constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sostibilidade económica e social de Galicia. Tendo en conta esta realidade, a política de defensa do medio rural contra os incendios forestais debe comprometer a todas as administracións.

As entidades participantes son conscientes da necesidade de implementar e acentuar as actuacións preventivas necesarias na loita contra os incendios forestais, que comprometen e ameazan o desenvolvemento de Galicia.

Sexto. A planificación preventiva da loita contra os incendios forestais no medio rural prevé que a xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal se realice a través de faixas e de parcelas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á remoción total ou parcial da biomasa presente. A rede de faixas de xestión de biomasa constitúe o conxunto de parcelas lineais do territorio estratéxicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Sétimo. A colaboración que se pretende con este convenio, de claro interese público e social, susténtase no Plan de prevención de incendios incluído no Pladiga, e plantéxase como instrumento de concesión de axudas directas, segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, posto que trátase dun apoio económico definido en liña coa estratexia de prevención contemplada no Plan que, polas características do territorio agroforestal de cada distrito forestal e polos medios dispoñibles nese ámbito para facer fronte aos incendios, para diminuír o seu risco e para minimizar o seu impacto de se produciren, constitúen circunstancias que se contraponen ás esixencias dunha convocatoria pública ao ser necesario que a actuación se vincule a determinados territorios, segundo as circunstancias nas que a loita contra o lume se desenvolve; todo elo tendo en conta que as entidades locais constitúen o tecido básico territorial sobre o que se debe fundamentar a política de prevención contra os incendios forestais.

Os requisitos e condicións fixados para que os concellos poidan participar nesta colaboración, destinada ao cofinanciamento da adquisición de maquinaria para que dispoñan dos medios necesarios que lles permitan acometer as actuacións descritas no convenio no seu ámbito territorial, son:

1. Que teñen unha poboación non superior a 7000 habitantes, de acordo co último dato publicado polo Instituto Galego de Estatística (datos de 2022)
2. Que non teñan asignadas motobombas novas por parte da Consellería do Medio Rural nos últimos 5 anos.





3. Que non tiveran subvención dentro dos Plans específicos para os anos 2017, 2018, 2019 e 2020 sustentan os convenios de colaboración subscritos entre a Consellería do Medio Rural e algunhas entidades locais para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.
4. Que non renunciaran nos anos 2017, 2018, 2019 e 2020 aos citados plans.
5. Que conste que teñen solicitado recurrentemente á Deputación de Ourense a cooperación con máquinas desbrozadoras e a vontade expresa de cofinanciar a adquisición da maquinaria obxecto do convenio.

E que cumpran ademais algunha das seguintes condicións:

- a) Que estean adheridos ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.
- b) Que tiveran subscrito en 2022 Convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para o desenvolvemento de accións de prevención e de defensa contra os incendios forestais.
- c) Que teñan Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais aprobado.
- d) Que estean considerados como concellos Zona de Alto Risco de incendio forestal (ZAR).
- e) Que teñan parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI).
- f) Que contén con superficie de monte declarada de utilidade públicas.

E, en virtude do exposto, tendo en conta que o Concello de Entrimo cumpre os requisitos expostos, as partes recoñécense capacidade para comprometerse, en virtude deste convenio, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto dotar ao concello da maquinaria necesaria para acometer as tarefas seguintes:

- a) Limpeza e mantemento libre de maleza das infraestruturas lineais e/ou áreas cortalumes de titularidade municipal.
- b) Xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa en terreos de titularidade descoñecida ou de titularidade do concello, que non sexan obxecto de actuación de xestión de biomasa no marco do Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia





de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e tendo en conta sempre as obrigas que establece ás persoas responsables a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

SEGUNDA. Actuacións e gastos subvencionables

1. Para realizar as tarefas descritas na cláusula primeira, a axuda obxecto deste convenio destinarase á adquisición, por parte do concello, da maquinaria seguinte:

- a) Un vehículo tractor.
- b) Unha rozadoira de arrastre.
- c) Unha rozadoira de brazo.

2. Ao abeiro deste convenio non se subvenciona maquinaria de segunda man.

3. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza de actividade subvencionada. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao do mercado.

4. O importe máximo de subvención pode acadar o importe máximo de investimento excluído o IVE, posto que este imposto non ten a condición de gasto subvencionable. Segundo a cláusula cuarta correspóndelle ao concello asumir o seu importe.

5. A maquinaria deberá ter as seguintes características que se mencionan a continuación e deberá existir unha correspondencia entre as características do vehículo tractor e das rozadoiras:

- Vehículo tractor: con tracción ás 4 rodas, potencia mínima igual ou superior a 130 CV.
- Rozadoira trituradora con rotor de martelos.
- Rozadoira de brazo con cabezal adaptable a coitelas e martelos.

Os apeiros serán totalmente desmontables, permitindo utilizar o vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.





TERCEIRA. *Orzamento e financiamento*

1. O orzamento estimado para as actuacións que son obxecto deste convenio ascende a 96.666,66 €, coa distribución por fontes financeiras seguinte:

Anualidade	Total	Deputación Provincial de Ourense	Consellería do Medio Rural
2023	96.666,66 €	48.333,33 €	48.333,33 €

2. Os custos das accións a desenvolver neste convenio están cofinanciadas entre a Consellería do Medio Rural e a Deputación Provincial de Ourense.

3. A Consellería do Medio Rural financiará as actuacións a subvencionar con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551B.760.0, código de proxecto 2011 00771, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

4. A parte correspondente á Deputación de Ourense será financiada directamente con cargo aos seus orzamentos.

5. O Concello financiará o IVE que corresponda e, en calquera caso, a contía do investimento que supere o importe de confinaciamento conxunto sinalado no punto primeiro desta cláusula.

CUARTA. *Compromisos do Concello de Entrimo*

1. O concello comprométese a:

1. Adquirir a maquinaria subvencionada de acordo cos procedementos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).
2. Financiar o IVE dentro da partida orzamentaria que lle corresponda. O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable por parte da Consellería do Medio Rural nin por ningunha outra administración pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
3. Destinar a maquinaria subvencionada aos labores de limpeza e mantemento dos camiños e estradas de titularidade municipal; aos labores de xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal para a protección dos núcleos de poboación delimitados nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais que non sexan obxecto de actuación de xestión de biomasa no marco do Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga referido na cláusula primeira .





4. Destinar a maquinaria subvencionada ás funcións de prevención de incendios forestais contempladas no Convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Entrimo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante a súa vida útil e, en ningún caso, por un tempo inferior a 5 anos, preferentemente en terreos incluídos dentro do termo municipal de Entrimo, salvo acordo coa Consellería do Medio Rural para levar a cabo as ditas funcións en terreos incluídos dentro doutros concellos do mesmo distrito forestal.
5. Participar, por petición da Consellería do Medio Rural e por un período non inferior a 3 meses/ano, na execución das actuacións do Plan preventivo autonómico, coordinando co distrito forestal os labores que contemplan o uso da maquinaria adquirida.
6. Manter a maquinaria subvencionada en condicións mecánicas e de dotación, así como ter ao corrente toda a documentación do vehículo, e cumprir coas obrigas administrativas en materia de inspección técnica de vehículos (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
7. Inscribir a maquinaria subvencionada no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (ROMA).
8. Destinar a maquinaria subvencionada a cumprir coas finalidades descritas neste convenio durante toda a súa vida útil e, en ningún caso, por un tempo inferior a 5 anos a contar desde a data da certificación final da subvención.
9. Efectuar as reparacións e as revisións das maquinaria subvencionada, o antes posible e pola súa conta, para garantir o seu funcionamento continuo.
10. Rotular a maquinaria subvencionada, coa inclusión dos logotipos da administracións que cofinancian este convenio (Consellería do Medio Rural, Deputación Provincial de Ourense e concello).
11. Con carácter anual, achegar á Consellería do Medio Rural unha memoria básica da actividade da maquinaria adquirida, que cubra como mínimo un período de 6 meses, exceptuando o período no que participe, xunto co distrito forestal, na execución das actuacións incluídas no Plan preventivo autonómico.
12. Facilitar a inspección que lle sexa requirida por parte da Deputación Provincial de Ourense.
13. Xustificar ante a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural o cumprimento da finalidade do convenio mediante a presentación dunha conta xustificativa.
14. Someterse ás actuacións de comprobación que, con respecto á xestión dos fondos deste convenio, efectuará a Consellería do Medio Rural, ás de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda, así como os controis





que poidan realizar as institucións e/ou órganos competentes respecto das actuacións confinaciadas pola Consellería do Medio Rural.

2. Con carácter previo á sinatura deste convenio, o Concello de Entrimo achegará documentación seguinte:

- Declaración de que a entidade local cumpre as obrigas e os requisitos establecidos neste convenio, de conformidade cos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da súa normativa de desenvolvemento.
- Declaración responsable acreditativa de que a entidade se atopa ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o caso de que non presente esta declaración deberá achegar autorización á Consellería do Medio Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade está ao corrente das súas obrigas.
- Certificación de que o concello cumpriu co deber de remitir ao Consello de Conta de Galicia as contas xerais do último exercicio a que estea legalmente obrigado.

QUINTA. *Compromisos da Consellería do Medio Rural*

A Consellería do Medio Rural comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións obxecto deste convenio nos termos nel sinalados.

SEXTA. *Xustificación do investimento e pagamentos da axuda*

1. O Concello de Entrimo está obrigado a xustificar a actuación subvencionada ante a Dirección Xeral de Defensa do Monte e ante a Deputación Provincial de Ourense na data límite do 30 de outubro de 2023 coa achega da seguinte documentación:

- Solicitud de pagamento.
- A factura ou as facturas, que deberán indicar a marca, o modelo, o número de serie e as características técnicas dos equipos subvencionados.
- O/s xustificante/s bancario/s de pagamento da/s factura/s, que deberá identificar o número de factura, o concepto, a entidade de realiza o pagamento e o destinatario. Os xustificantes bancarios tramitados a través da banca electrónica deberán vir validados co selo da entidade bancaria correspondente.
- A declaración de estar está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra





débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

- De ser o caso, a relación detallada doutros ingresos e/ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/a empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuídas as competencias en materia de contratación pública, acreditativa do/s procedemento/s de contratación pública seguido/s para a contratación da maquinaria subvencionada.

Esta certificación deberá incluír, así mesmo, a relación de conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados, con identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente, tal e como establece o artigo 10 a) 2º do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

- Para o caso de que se tramiten contratos menores, deberán achegarse as tres ofertas solicitadas a tres provedores independentes para os ditos gastos.
- Certificación de persoal técnico municipal relativa á adecuación técnica da maquinaria subvencionada ás especificacións que figuran na cláusula segunda deste convenio.

2. A Consellería do Medio Rural poderá realizar pagamentos anticipados, para as actuacións previstas de ata o 90% do importe da axuda que cofinancia, de acordo ao establecido no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O pagamento dos anticipos realizarase logo da sinatura do convenio e unha vez que o concello presente o/os presupostos do custo de adquisición da maquinaria obxecto de subvención.

3. Se como resultado dos procedementos de contratación existisen baixas na licitación, a diferenza repercutirá por partes iguais nas achegas máximas da Consellería do Medio Rural e da Deputación Provincial de Ourense.

4. O Concello está exento da constitución de garantías en virtude do establecido no artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





SÉTIMA. Reintegros

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas establecidas neste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á súa modificación.
2. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida e/ou á perda do dereito ao cobro das contías non percibidas.
3. No suposto de reintegro da axuda concedida, os xuros de mora esixíranse dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, tal e como establece no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA. Compatibilidade de axudas

A axuda concedida mediante este convenio é compatible con calquera outra para a mesma finalidade. Así mesmo, no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

NOVENA. Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación e inscrición, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, comunicárase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), para a súa publicación, toda a información relativa ás axudas recollidas neste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Todas as partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de transparencia e goberno aberto.





DÉCIMA. *Relación por medios electrónicos*

En cumprimento do disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a relación administrativa entre as partes asinantes realizarase por medios electrónicos. As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación. Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Información básica sobre a protección de datos de carácter persoal*

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme á normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.





DÉCIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimiento*

Constitúese unha comisión mixta paritaria como mecanismo de actuación conxunta para o seguimento, coordinación e avaliación das actuacións estipuladas no convenio. Esta comisión, que se reunirá a petición de calquera das partes, estará formada por unha persoa en representación da Consellería do Medio Rural, por outra persoa en representación da Deputación Provincial de Ourense e outra en representación do Concello de Entrimo e estará presidida por un representante elixido pola Consellería do Medio Rural.

Este órgano colexiado rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO TERCEIRA. *Modificación e extinción do convenio*

1. Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente, e seguindo todos os trámites necesarios para a formalización oportuna.
2. O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por mutuo acordo das partes, por circunstancias que imposibiliten a realización das actuacións previstas e/ou por incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas. Os reintegros ou as perdas de dereito xeradas por estes incumprimentos tramitaranse segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, será causa de resolución a denuncia expresa de calquera das partes, que poderá realizarse en calquera momento, previa comunicación por escrito á outra parte asinante con unha antelación mínima dun mes respecto da data na que se vaia dar por finalizado.

DÉCIMO CUARTA. *Réxime xurídico*

Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-





administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA. *Vixencia*

Este convenio producirá efectos dende a sinatura e ata o 31 de decembro de 2023.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio, no lugar sinalado no encabezamento.

O conselleiro do Medio Rural
Por avocación (Resolución do 07.03.2023)
José González Vázquez

O presidente da Deputación de Ourense
José Manuel Baltar Blanco

Concello de Entrimo
Ramón Alonso López

